

## DECLARACIÓN EN DEFENSA DA ÁREA DE TECNOLOXÍA


A organización sindical CSI-CSIF, abaixo asinante, quere facer constar o seu apoio á Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia, APETEGA, (Asociación integrada en la PLATAFORMA ESTATAL DE ASOCIACIONES DEL PROFESORADO DE TECNOLOGIA), unha vez analizadas as consecuencias que a nivel laboral e educativo suporá a aplicación do borrador do Real Decreto sobre ensinanzas mínimas proposto polo Ministerio de Educación (MEC). Deste xeito, conséntase que na área de Tecnoloxía:

1. Incúmprase por parte do MEC as promesas feitas á PLATAFORMA ESTATAL DE ASOCIACIÓNS DO PROFESORADO DE TECNOLOXÍA, referidas á reorganización das materias que se imparten en cada un dos cursos sen reducir o total de horas que se lles asignan na actualidade. No caso de Tecnoloxía pásase de 195 horas nos tres primeiros cursos da ESO a 140, o que fai un total de -55. E en 4º de ESO pásase de 85 a 70 o que fai un total de -15. Isto supón na práctica unha redución de carga horaria de aproximadamente o 30% co conseguinte perigo de **desprazamentos e supresións** de prazas para os funcionarios e a **perda de postos de traballo** para o profesorado interino. Agrabándose a situación no caso de Galicia xa que na actualidade impártense un total de 295h (210 de 1º a 3º da ESO + 85 en 4º da ESO) co que alcanzaríamos un **40% DE REDUCCIÓN HORARIA**.
2. A aplicación do mencionado decreto suporía un grave deterioro da educación básica en Tecnoloxía, polo feito de eliminar do currículo común obrigatorio contidos de máxima vixencia e relevancia na actual sociedade de información. Todo isto contradí a necesidade tantas veces manifestada a nivel político e social de avanzar en innovación e desenvolvemento.

É por iso que a nosa organización sindical acorda manifestar o seu apoio á Asociación de Profesorado de Tecnoloxía de Galicia para que o MEC agora e a CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DE GALICIA nos vindeiros meses reconsideren manter a carga horaria da área de Tecnoloxía tal e como se establece na actualidade.



Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2006.

  
José Ramón Villalibre Fernández  
Presidente Provincial de CSI-CSIF